

Nome e apelidos _____

Nivel e curso _____

FICHA 2 CORRECCIÓN – Acentuación

1. Coloca o acento gráfico nas seguintes oracións cando o precisen.

- **Cómpre** pechar a venta, que vai **frío**.
- O **plátano** e o **ananás** están **boísimos**.
- **Nós** vimos un oso no **zoolóxico** da capital.
- Teño os **pés** moi grandes para eses zapatos.
- **Antía** fíxolle un **nó á** gravata de seu pai.
- A **participación** na **actuación** é **gratuíta**.
- O novo **pavillón** ten mala **acústica** para o concerto.
- Eu **agárdote fóra**, que me **dá** vergoña.
- **Encántame** ollar para a **lúa** chea, **está fermosísima**.
- No **sétimo** andar **atoparás** a **súa** oficina.
- Merquei unha enciclopedia **baratísima** na **libraría**.
- **Fátima** é moi **cómoda**, non quere **saír** do **sofá**.
- **Regaláronme** un **xilófono** de **plástico** esta **mañá** polo meu aniversario.
- **Só** che dixen que era **lóxico** que che gustase esa **sinfonía** e toda a **música** en xeral.

2. Coloca os acentos gráficos que falten no seguinte texto.

Bárbara era unha rapaza moi **simpática** que **vivía** nunha casiña de campo, ao lado do colexio **público** da vila. Todos os **días** se **facía** o **propósito** de camiñar durante unha hora para estar en forma nas clases de **educación física**. **Tamén subía ás pólas** das **árbores** e **corría** ata a beira do **río** para ver pasar as troitas. Con tanto exercicio, **esgotábase** facilmente, mais iso non lle **impedía** seguir xogando coa **súa** cadeliña ao chegar **á** casa. Non tiña **intención** de mudar os seus costumes nin os seus **hábitos** tan saudables, por moito que llo insinuase o seu **avó**, tan preocupado sempre pola **saúde** da nena. A avoa era diferente, **encantáballe** ver a **súa** neta gozando da natureza e **ás** veces incluso a vixiaba cos seus **prismáticos**. O peor era o porca que **traía** a roupa despois das **súas excursións** campestres, que nin a lixivia **podía** con aquela sucidade. O ambiente **rústico** e **bucólico** dos **campíos** da contorna **producía** en **Bárbara** unhas **sensacións únicas** e pracenteirias, coma se estivese no **mesmísimo paraíso**. Nunca tiña **présa** cando estaba ao aire libre, xa fora presa do encerro ao que estaba condenada cando **vivía** na cidade, naquel edificio de tantos andares rodeado de estradas tristes e muros de cemento e **formigón**.

3. Nas seguintes palabras, indica a clasificación (agudas, graves...), xustifica a aparición ou non de acento gráfico, rodea os ditongos e subliña os hiatos.

Queixada – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Bateu – Palabra aguda. Non leva acento porque remata en ditongo.

Frecuente – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Feira – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Xoán – Palabra aguda. Leva acento porque remata en -n.

Muíño – Palabra grave. Leva acento para marcar o hiato.

Moito – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Puiden – Palabra grave. Non leva acento porque remata en -n.

Ambiente – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Ourizo – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Cumio – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Aéreo – Palabra esdrúxula. Leva acento como todas as esdrúxulas.

Despois – Palabra aguda. Non leva acento porque remata en ditongo + -s.

Terapeuta – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Aula – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

Xersei – Palabra aguda. Non leva acento porque remata en ditongo.

Andrea – Palabra grave. Non leva acento porque remata en vogal.

* As actividades 1 e 2 desta ficha proceden da páxina *Paroladas*
(<http://www.blogoteca.com/paroladas/index.php?cod=142364>)